

**Obxectivos da experimentación.**

- *A motivación do alumnado.*  
É sen dúbida o principal obxectivo, incluso podería ser o único. Cando os alumnos aprenden a gusto, fano máis rápido e mellor.
- *A aprendizaxe dos procedementos e dos conceptos utilizando as novas tecnoloxías.*  
Darán ó ordenador un uso non habitual como é aprender. Utilizarán un instrumento atractivo para facer algo que require esforzo e habitualmente non lles gusta.
- *A actitude positiva fronte as matemáticas.*  
Intentar desterrar a idea inicial de que as matemáticas son aburridas “sempre é o mesmo”, moi difíciles “non entendo e nunca entendín” e inútiles “¿isto para que vale?”.

**Contidos matemáticos a tratar.**

Varias unidades didácticas do bloque de números de 4º de E.S.O. tratadas a nivel moi básico co obxecto de acadar as competencias básicas e os obxectivos xerais de etapa. Tomarase como referencia o currículo da opción A.

**Grupo de alumnos.**

Neste apartado estou en condicións de detallar un pouco máis.

Vou traballar cun grupo de 6 alumnos (5 rapazas e un rapaz) do segundo ano dun Programa de Diversificación Curricular de dous, ós que xa lles din clase do Ámbito científico-tecnolóxico o curso pasado.

A 5 deles xa os coñecía anteriormente e tiveron a oportunidade de observar a súa boa evolución, difícil de prever fai un ano. Catro procedían de 3º E.S.O. e tiñan practicamente todas as materias suspensas. Destes catro, tres repetiran tamén 2º. As outras dúas alumnas repetiron 2º o curso anterior á incorporación ó programa. Ademais catro tiñan as matemáticas pendentes de 2º e recuperáronas o curso pasado.

As razóns para decidirme por este grupo foron varias:

- Esta experiencia é acorde coa finalidade destes programas de posibilitar “unha organización dos contidos e materias do currículo diferente á establecida con carácter xeral, así como unha metodoloxía específica” que lles permita a estes alumnos obter o título de graduado en educación secundaria.

- Aínda que durante o curso pasado o comportamento deles foi bo, o máis difícil de todo foi deixar atrás a historia de fracaso escolar que por diversas razóns (problemas de relación cos compañeiros, non facer case nada na clase durante varios cursos e incluso nun caso necesidades educativas especiais) tiñan asumida. Durante todo o curso, o máis difícil de todo foi convencelos antes de explicar algo novo, de que ían ser capaces de entendelo se todos faciamos un pequeno esforzo e lle dedicabamos o tempo suficiente.
- O grupo dispón dunha aula pequena (un antigo despacho) no que hai tres ordenadores con conexión a internet, que espero que funcione algo mellor que o curso pasado. Isto permitirame prescindir da aula de informática da ESO, que sería moi difícil poder utilizar durante tantas sesións. Aínda teño que valorar a conveniencia de aceptar, se aínda é posible e tendo en conta as limitacións de espazo, o ofrecemento que fixo a Dirección o curso pasado de instalar algún ordenador máis. A miña dúbida é se é preferible a utilización individual do ordenador que en grupos de dous e se compensa o inconveniente evidente da falta de espazo.

### **Datas e temporalización.**

Das 8 sesións semanais que lle corresponden ó ámbito, dedicarei 4 delas a física e bioloxía e 4 a matemáticas. Destas últimas 3 destinareinas á EDA.

Serían un total de 24 sesións desde o luns 6 de Outubro ata o venres 28 de Novembro. De ser necesario, para non retrasar a finalización do proxecto, pódese utilizar algún tempo máis do previsto no mes de Novembro e compensalo en Decembro unha vez rematada a experimentación .